

LINGUA GALEGA

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola nenos e nenas,

Esta terceira semana, na materia de Lingua Galega, repasaremos a Unidade 6 do libro de texto. A continuación te des as tarefas que debedes realizar. Podedes imprimir as actividades e realizalas neste documento ou podedes facelas no voso caderno. Se as imprimides, recordade pegar as fichas no caderno de galego.

ACTIVIDADES OBRIGATORIAS:

1. Rodea os verbos.

- Berrastes e a rapaza levou un susto.
- Nós xogamos ao fútbol no recreo e eles xogan ao baloncesto.
- Eu fun ao zoo cos meus pais e ti fuches ao circo.

2. Clasifica os verbos da actividade anterior.

	Singular	Plural
1.ª persoa		
2.ª persoa		
3.ª persoa		

3. Escribe ao lado de cada verbo se está en presente, pasado e futuro.

- nadabamos: _____
- xogarei _____
- salto _____
- facemos _____
- leremos _____
- paseaba _____

4. Escribe unha oración con cada un de estes inicios.


- Hoxe... _____
- A semana que vén... _____
- O mes pasado... _____
- Onte... _____

5. Fai unha análise da seguinte oración (substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e verbos).

Ela ten uns zapatos vermellos.

Ela → _____
ten → _____
uns → _____
zapatos → _____
vermellos → _____

6. Le as oracións, escribe o infinitivo das formas verbais destacadas e clasífiacoas.



- Cando **vivía** na Coruña, **subín** a Torre de Hércules: pareceume fantástica.
- Miña nai **escribirá** un libro de contos no que vai **describir** a miña aldea.
- O disfraz do ano pasado non me **serve** para a festa deste ano.
- No verán **virá** a miña curmá.

Verbos rematados en -bir	Verbos rematados en -vir

7. Completa con b ou v.

cohi_ ir prohi_ ido _iñeron sobre_ ives conci_ es
perci_ ir sucum_ iron reci_ e ser_ iron vi_ iu

8. Escribe os puntos suspensivos onde sexa necesario.

- —Por que non vas? —Non sei é que
- O labrador sementou verzas, patacas, cebolas
- A cabalo regalado
- No zoo podes ver leóns, xirafas, gacelas
- E se nos sorprenden


9. Le a poesía.

Había unha vella chamada Lucía
que dunha mirada sagaz distinguía

os meses das mesas, os bagos das vagas
os tempos das tempas, os canos das canas,

as barbas dos barbos, as veas dos beos,
as mañas dos maños, as pelas dos pelos,

os casos das casas, os bolos das bolas,
os pasos das pasas, os soles das solas, [...]



10. Subliña a última palabra de cada verso e escríbeas.

- Rodea as letra que se repiten en cada parella.

- Que se repite, os sons de vogais, ou vogais e consoantes? É rima asonante ou consonante?

ACTIVIDADES OPCIONAIS:

Como tarefas opcionais déixovos os seguintes enlaces con xogos e actividades divertidas para facer en familia durante estes días de corentena.

1. A OCA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA CASA.

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21003608/helvia/sitio/upload/OCA_EF_EN_CASA.pdf

2. PROGRAMA DE OCIO EN CORENTENA (Pulsade os botóns vermellos).

https://drive.google.com/file/d/1_C4bcbZNhQDghV5YtbnmNSoFCRswFy2m/view?fbclid=IwAR3kyi80CgJ3rMpNvBdzvrq-ijaRrEGVJfd0MbqaA9XBpUKqvywdfABDvbg

3. RECETARIO DIVERTIDO.

<https://drive.google.com/file/d/197yaDnQWfYUD4W66TjNj5y4g5UL-dela/edit>

Estudade un ratiño todos os días!! Establecede unha rutina diaria de traballo para non perder o hábito de estudo. Podedes con isto e moito máis!! O truco está en poñer un pouco de esforzo. Ánimo!! Seguro que antes do que pensamos volvemos ao cole para continuar aprendendo xuntos.

Moito ánimo para vós e para as vosas familias!!

Un abrazo moi grande!!

Antía